

# Prazadas Letras <sup>2008</sup>

Publicación da Consellería de Cultura e Deporte para a promoción do libro e da lectura



Un Centro IBBY de Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural en Compostela **2** Álbum ilustrado **4** Literatura infantil **7** Mil primaveras máis **10** A ilustración en Galicia **13** Un mundo de palabras **18** Catro clásicos e unha novidade **20** Unha literatura internacional **24** O ilustrador: Federico Fernández **28**

# Index



Un Centro IBBY de LIX para a Diversidade Cultural **páx. 2**



Álbum ilustrado **páx. 4**



Literatura infantil **páx. 7**



Mil primaveras máis **páx. 10**



A ilustración en Galicia **páx. 13**




Un mundo de palabras **páx. 18**



Catro clásicos e unha novidade **páx. 20**



Unha literatura internacional **páx. 24**



O ilustrador: Federico Fernández **páx. 28**

## Galicianbooks

Publicación da Consellería de Cultura e Deporte para a promoción do libro e da lectura.

Conselleira de Cultura

**Anxela Bugallo Rodríguez**

Director xeral de Creación e Difusión Cultural

**Luis Bará Torres**

Edita:

**Servizo do libro e Bibliotecas**

**Consellería de Cultura e Deporte**

**Xunta de Galicia**

Coordina:

**Xosé A. Neira Cruz**

Ilustración da portada: **Federico Fernández**

Deseño: **Óscar Otero**

Imprenta: **Imprenta Ibérica**

D.L.: **C 886-2008**

A Consellería de Cultura e Deporte quere agradecerlles a súa colaboración a todas as persoas e entidades que traballan na dinamización do libro e da lectura e en especial á editoriais e ilustradores pola súa colaboración á hora de facilitar a reprodución de imaxes nesta publicación.



A editorial OQO publicou *Gran libro dos retratos de animais* de Svietlan Junakovic en 2006. Esta obra recibiu o Premio ao libro mellor editado do Ministerio de Cultura así como unha Mención de honra na Feira de LIX de Boloña, entregado en 2008. Empregáronse ilustracións deste libro na páxinas de inicio dos artigos da presente revista.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

# Un centro das minorías culturais de

Galicia está a culminar a construción da Cidade da Cultura, un ambicioso proxecto que vai abrir novos espazos e estratexias de promoción e difusión da cultura e da lingua galegas. Concibido polo arquitecto estadounidense Peter Eisenman, o monumental complexo dará cabida, entre outros contidos, ao Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e mais o IBBY (International Board on Books for Young People) chegaron ao acordo de establecer na Cidade da Cultura de Galicia o Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural. O Centro formará parte dos servizos da Biblioteca Nacional de Galicia e terá como principal obxectivo o estudo, a difusión e a promoción dos libros para nenos e mozos procedentes das linguas e culturas minoritarias do mundo. Será o segundo centro internacional que IBBY pon en marcha no mundo, tralo fundado en 1985 en Oslo, dedicado aos libros para nenos e mozos con discapacidades. Na decisión de elixir Galicia e Santiago de Compostela como sede deste segundo centro internacional IBBY pesou a forza e o prestixio que a literatura infantil e xuvenil galega acadou nas últimas décadas e o feito de que esta literatura puxante e competitiva a nivel internacional represente a unha minoría lingüística e cultural.

Entre os obxectivos do Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural pódense sinalar os seguintes:

- Crear en Galicia e para o mundo a primeira biblioteca internacional especializada na colección, estudo e divulgación da literatura escrita para a infancia e a xuventude nas linguas e culturas minoritarias de todo o mundo.
- Situar este Centro como punto de referencia internacional no ámbito do estudo e promoción da literatura infantil e xuvenil.
- Converter o Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural nun órgano dinamizador da cultura do seu contorno e nun co-xerador de iniciativas culturais para nenos, adolescentes e adultos, actividades de animación lectora, propostas de lecer vencelladas ao libro e a lecturas, tarefas de investigación no eido da litera-

# Para os libros infantís nas lingüísticas e o mundo

**Abaixo:** *Música mariña*,  
de Kiko Dasilva.

tura e da ilustración para nenos e mozos, e proxección internacional –a través do estudo e da tradución das mesmas a linguas maioritarias- de obras literarias escritas en códigos lingüísticos minoritarios.

Para a consecución destes importantes e ambiciosos obxectivos, o Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural desenvolverá a construción dunha potente ferramenta virtual que permita o acceso aos seus fondos e contidos desde calquera lugar do mundo. Investigadores e especialistas na materia non terán necesidade de se desprazaren a Santiago de Compostela para dispoñer da información xerada neste Centro o cal, por outra banda, contará con instalacións que permitirán a consulta persoal dos seus contidos así como o desenvolvemento de actividades de dinamización que posibiliten que esta institución se convirta nun motor de promoción e difusión do libro e da lectura.

Asemade, e grazas á colaboración e apoio de IBBY, o Centro construírá unha rede de colaboradores a nivel internacional que permita a chegada a Galicia dos libros para nenos e mozos que se publican en todo o mundo en linguas minoritarias e que faga a Galicia presenten en todos eses países e culturas.

Con esta dobre orientación conseguirase o obxectivo de facer visibles

as literaturas para os máis novos que diariamente se crean en códigos con máis difícil acceso á internacionalización, e coa visibilidade procurarase a súa difusión en condicións igualitarias con outras obras non determinadas pola cuestión da minoría, demostrando deste xeito que a calidade literaria está por riba do nivel de difusión das linguas nas que as ditas obras fosen escritas. Por outra parte, será tarefa deste centro subliñar a existencia de numerosas minorías lingüísticas e culturas ao longo do mundo, facendo entender que vivir e crear desde unha minoría non é precisamente unha situación excepcional, senón unha forma de concibir a propia forma de estar e ser que comparten millóns de persoas en todo o planeta.

O Centro Internacional IBBY da Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural iniciará as súas actividades de forma oficial ao longo de 2009, un ano antes de que en Santiago de Compostela se celebre o 32º Congreso Internacional de IBBY, que en setembro de 2010 congregará en Galicia a escritores, ilustradores, críticos, profesores, bibliotecarios e expertos de todo o mundo baixo o lema “A forza das minorías”.





# Álbum ilustrado

libros para todos os públicos

Noela Muíños

CHRONOLOGY

1898

Publicase *Fábulas galaico-castellanas*, de Amador Saavedra Montenegro, o primeiro libro en galego para nenos e mozos.

1921

Vicente Risco escribe os tres primeiros contos de fadas da literatura galega



**Na esquerda:** Portadas d'*O coelliño branco* (Kalandraka, 2000), de Xosé Ballesteros e Oscar Villán, Premio de Ilustración do Ministerio de Cultura; e *Voces na Lagoa do Espantallo* de Xan López Domínguez (Galaxia, nova edición 2008) un dos primeiros ilustradores na nosa literatura.


**Abaixo:** *Publisher*, de Oscar Villán.

Un dos sectores máis puxantes e novidosos da literatura infantil galega é o do álbum ilustrado. Nos últimos dez anos, Galicia converteuse nunha potencia neste sector grazas á aposta dedicada das editoriais e á presenza dunha canteira de novos ilustradores e autores que atoparon neste ámbito un rexistro particularmente rico para as súas creacións.

Sendo o sector por antonomasia que representa a literatura infantil a ollos de propios e profanos, o álbum ilustrado é moito máis do que a primeira vista se pode pensar. Concentrar a intensidade dunha historia completa nun texto necesariamente reducido, e pensar que esa historia ten que ser contada tamén a través das ilustracións, que a imaxe vai ser unha parte fundamental da obra, non resulta unha tarefa doada de resolver. Por outra banda, estamos ante o ámbito que máis esixencias económicas lle supón á empresa editorial. Publicar un álbum ilustrado non é económico. Aos desembolsos relacionados co pagamento dos traballos do ilustrador e do escritor, tamén do tradutor, se cómpre, hai que engadir todas as esixencias técnicas que cómpre afrontar á hora de publicar unha obra que, para cumprir todas as expectativas que esperta a palabra álbum ilustrado, ten que editarse en cuatricromía, cunha calidade de papel superior e, preferemente, en tapa dura.

Todas estas cuestións adoitan encarecer o libro até límites difíciles

de afrontar desde unha cultura, e polo tanto nun mercado editorial, que non vai garantir vendas elevadas. Esta circunstancia fixo que durante moitos anos publicar álbum ilustrado en galego se considerase unha tarefa imposible de afrontar sen o concurso da coedición, é dicir, da asociación de esforzos por parte de varias editoriais. Grazas a este tipo de sinerxias, nomeadamente as establecidas entre editores cataláns, vascos e galegos, comezaron a ver a luz os primeiros álbumes ilustrados procedentes das culturas minoritarias do Estado español. Editorial Galaxia nun primeiro momento, e máis adiante Edicións Xerais de Galicia e Sotelo Blanco Edicións deron os primeiros pasos nesta dirección, coa publicación de traballos moi dignos pero sempre afectados pola súa escasa continuidade e difusión. O álbum ilustrado galego non deixou de ser unha presenza simbólica ao longo dos anos 80 e 90 no marco dunha literatura infantil que xa camiñaba por vieiros de normalización e consolidación. Aínda así, é nestes anos cando xorden obras mo-



délicas do sector, entre as que hai que destacar, pola súa calidade e a súa condición de pioneiro, o labor desenvolvido polo ilustrador Xan López Domínguez, tamén un dos primeiros en asumir a dobre autoría ao empezar a ilustrar os seus propios textos. Un exemplo disto é o celebrado *Voces na lagoa do espantallo*, publicado por Galaxia dentro dunha colección, A Chalupa, que respondía precisamente a unha iniciativa conxunta entre a citada editorial galega e mais as editoriais catalana La Galera e vasca Elkar.

Porén, será a finais dos anos 90 cando comece para o álbum ilustrado galego o seu verdadeiro momento de renovación e revitalización. Marca este punto de inflexión a aparición en 1999 da editorial Kalandraka, que naceu coa pretensión precisamente de publicar álbum ilustrado. Partindo da restra de dificultades antes sinaladas, Kalandraka soubo atallar as mesmas cun proxecto imaxinativo, novidoso, fresco e competitivo que rapidamente concitou o interese de lectores de toda España, o cal levou á editora pontevedra a abrir mercados noutras linguas a través da política de tradución dos seus álbumes en galego ao castelán, o catalán, o vasco e tamén o portugués e mais o inglés. Os premios e as distincións para as maravillo-

1928

Camilo Díaz Baliño publica *Conto de guerra*, o primeiro álbum ilustrado en galego

1932

Estréase *Agromar. Farsa pra rapaces*, primeira obra de teatro da literatura infantil galega, escrita por J. Acuña (seudónimo de Filgueira Valverde).



Na dereita: de *Voces na Lagoa do Espantallo*, de Xan López Domínguez.

Abaixo: d' *O coelliño branco*, de Oscar Villán.

sas propostas editoriais de Kalandraka non se fixeron esperar. Os dous únicos Premios Nacional de Ilustración do Ministerio de Cultura acadados até agora por autores galegos correspóndense a traballos publicados por Kalandraka; *O coelliño branco*, ilustrado por Óscar Villán, e *Onde perdeu Lúa a risa*, ilustrado por Federico Fernández, supuxeron un verdadeiro estourido de calidade e innovación neste sector que en Galicia conta con artistas particularmente dotados e interesantes para o álbum ilustrado. A alianza das propostas de Kalandraka e os novos creadores fixo que este sector se desenvolvese cunha calidade inusitada e que fose enchendo con rapidez baleiros até ese momento chamativos no sistema literario galego. Neste sentido, cómpre sinalar, tamén, a aparición dos primeiros libros-disco en galego, dentro da colección Son de Conto de Kalandraka, onde, por exemplo, viu a luz un álbum ilustrado de excepcional calidade, *A memoria das árbores*, no que


confluíron os esforzos encontrados do texto literario de Xosé A. Neira Cruz, coa novidosa proposta de ilustración de Kiko Dasilva e todo iso envolto da suxestión da música para piano composta por Marcial del Adalid e interpretada pola Orquestra Sinfónica da Coruña. Porque iso é ou debe ser precisamente un álbum ilustrado: unha aposta conxunta na que todos os remeiros que fan avanzar o barco traballar, desde os seus respectivos postos, na mesma dirección.

O labor de Kalandraka, ademais de permitirmos aos galegos disfrutar de fermosos libros que facían soñar –segundo o lema da propia editorial– supuxo a demostración palpable de que era posible editar álbum ilus-

trado en galego e sobrevivir ao intento. Foi así como outras editoriais empezaron a abrir canles ao álbum ilustrado até configurar coleccións estables que debuxan a calidade e alto nivel que o sector acadou na actualidade. Cabo das xa citadas, hai que sinalar as liñas editoriais desenvolvidas por Everest-Galicia (que conta, entre outros títulos, co excepcional *Bolboretas*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, incluído na lista de White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnic), Bahía Edicións ou A Nosa Terra, editorial responsable dun dos maiores éxitos da literatura infantil galega, a serie de álbumes ilustrados protagonizada polos Bolechas, personaxes absolutamente populares e queridos entre os nenos e nenas de

Galicia ideados polos ilustrador e escritor Pepe Carreiro.

Nos últimos anos, o sector do álbum ilustrado galego veuse reforzado pola aparición de OQO, nova editora especializada neste sector que nos seus dous anos de vida xa ten ofrecido ao mercado galego e internacional destacadísimas obras entre as que hai que sinalar, pola súa repercusión e os galardóns recibidos por parte do Ministerio de Cultura e na Feira do Libro de Boloña, o seu celebrado *Gran libro dos retratos de animais*, exemplo doutra interesante tendencia que nos últimos anos se está a desenvolver dentro do álbum ilustrado galego, cal é o da ligazón entre libro infantil e obra de arte.




1942

*Cantigas de nenos*, de Emilio Pita, primeiro poemario infantil en galego, é publicado en Buenos Aires.

1961

Publícase en Buenos Aires *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, un dos libros máis vendidos e traducidos da literatura galega



# Literatura infantil

María Jesús Fernández

1966

Editorial Galaxia inicia políticas de coedición de libros infantís ilustrados con editoriais catalanas e vascas. Froito desa política publícase *Polo mar van as sardiñas*, de Xohana Torres.

1968

Carlos Casares publica *A galiña azul*, unha das obras infantís máis innovadoras do momento no Estado español.



Na páxina seguinte: de *Minimaladas* (Xerais, 2007) de David Pintor.

Unha gran variedade de estilos, formatos e temáticas é o que atopamos nos libros que se dirixen a estes lectores, e non podería ser doutro xeito dado que os nenos e nenas entre os 7 e os 12 anos constitúen un grupo moi heteroxéneo, con distintos gustos e diferenzas notables en canto á capacidade lectora que inclúe tanto neolectores como lectores expertos.

Unha mirada á actualidade móstranos un sector en que predomina de xeito notable o xénero narrativo, e a fantasía, cunha ampla gama de variantes, é a temática máis representada. En ocasións esta fantasía inspírase na tradición popular, da que se rescatan e recrean historias, como é o caso de *Ovos duros*, libro en que Marisa Núñez adapta un conto clásico protagonizada por unha muller sabia e prudente. Outros autores constrúen os seus relatos tomando como referentes xa sexan personaxes, xa sexan fórmulas narrativas propias da tradición, como vén facendo Antonio Reigosa, experto en literatura popular, que entre os seus últimos libros escribiu *A escola de Briador*, relato protagonizado por un trasgo burlón e enredador, e onde se recompilan numerosas historias protagonizadas por estes seres. Antonio Yáñez Casal utiliza os trasgos domésticos como personaxes no seu libro *Crisóstomo o Alifáfar* para contarnos como estes seres míticos e estableceron na nosa terra. Outro pobo cunha rica tradición oral, como é o saharauí, inspirou a Paula Carballeira o seu libro *Smara*, no que se apropia da

voz narradora dunha anciá para enfiar contos que nos aproximan á cultura deste pobo.

A combinación fantasía-humor, condimentada con toques de “nonsense”, son ingredientes do gusto destes nenos e nenas. Usándoos eficazmente, e buscando a complicidade dos lectores, escribiu Daniel Ameixeiro libros como *Xan e Pericán* e *O Capitán da baía*. Moito humor hai tamén no libro de Antonio Yáñez Casal *Natasha e Dimitri*, no que parodia as novelas de amor e fai aparecer como protagonistas a dúas novas e “altamente cualificadas” cegoñas.

A creación de mundos paralelos, un dos recursos típicos da fantasía literaria, permítelle ao narrador e poeta Pepe Cáccamo idear un país máxico en *O segredo do pan*, un lugar cheo de sorpresas ao que viaxa desde o fondo do seu forno a panadeira protagonista.

En ocasións a fantasía introdúcese suavemente na vida cotiá, que por un tempo queda tocada polo extraordinario sen sufrir excesivas alteracións. Este é un procedemento ao que recorre frecuentemente o autor Agustín Fernández Paz cando escribe para este grupo

de idade. Entre os seus libros recentes temos *A escola dos piratas*, relato coral protagonizado polos alumnos e profesores dun colexio que un bo día é arrastrado por unha arroiada e empeza a navegar río abaixo ata o mar coma se se tratase dun auténtico barco; ou tamén *A noite dos animais*, onde acompañamos a nena protagonista a noite en que descobre que posúe un caderno co don de dar vida a todo o que nel se debuxa.

Historias mínimas, cun claro compoñente de fantasía, e tamén coa forza suxestiva da linguaxe poética, que buscan a sorpresa e a complicidade dos lectores, atopámolas en libros recentes protagonizados ambos os dous por animais: *Minimaladas*, escrito por Carlos López, presenta unha galería de animais que, como nas fábulas, teñen moito en común cos humanos, pero neste caso non hai pretensión moral e si moito humor. O outro libro, *Imaxina animais*, combina as composicións fotográficas de Juan Vidaurre cos textos de Xosé Ballesteros para crear un novo e orixinal bestiario que transforma en sorprendentes animais obxectos comúns de uso doméstico.

Outro tema con gran presenza neste grupo é o que reflicte a vida cotiá, mostrándonos un retrato da sociedade actual naqueles ámbitos que constitúen o universo da infancia: a familia, a escola, os amigos... Con frecuencia, un dos principais atractivos destes relatos está na voz

infantil que narra en primeira persoa e que nos ofrece a súa particular visión das cousas e a súa aguda apreciación do comportamento dos adultos. Varios autores optan por este recurso, é o caso de Fina Casalderrey que na súa últimas obras para estes nenos aborda temas de actualidade, como a complicada integración dos emigrantes, asunto tratado n'*A lagoa das nenas mudas*; ou o drama familiar dos malos tratos que aparece reflectido no libro *Ola, estúpido monstro peludo*. Esta mesma autora, para os máis pequenos deste grupo, expón con humor e tenrura, non exentos de crítica social, o tema da situación das persoas maiores no libro titulado *¿Quen me quiere adoptar?*

No ámbito familiar desenvólvese tamén o relato de Breogán Riveiro *Tonecho de Rebordecho*, tenra e á vez humorística historia protagonizada por un neno de cidade que, por circunstancias da vida, tense que trasladar á casa dos seus avós, situada nunha minúscula aldea perdida nas montañas, na que só vive xente maior.

Voces de nenos e de nenas que nos contan a súa vida en primeira persoa e que nos fan partícipes dos seus pensamentos atopámolas noutros libros como *O dromedario nadador* de Xavier López Rodríguez; *Tita*, escrito por Concha Branco; ou *Ese unicornio rosa* de Carlos Mosteiro. A parella de escritores formada por Ana M<sup>a</sup> Fernández e Xoán Babarro interésanse tamén

1972

Publícase *O principiño*, recoñecida como unha das mellores traducións de *Le petit prince* de Antoine de Saint-Exupéry, feita por Carlos Casares.

1973

Sae do prelo *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, obra de teatro de Carlos Casares, proposta de modernización da dramaturxia infantil galega.





por mostrar problemas e inquietudes da infancia no seu libro *O fillo do rei desaparecido*.

Á infancia retorna o protagonista do libro de Xabier P. DoCampo *Bolboretas*, para narrarnos o descubrimento do amor cando aínda non hai palabras que poidan expresar os sentimentos e as sensacións que por primeira vez se experimentan.

Unha historia familiar, pero trasladada a unha contorna afastada e conflitiva, é a que nos conta Marcos S. Calveiro n'*O carteiro de Bagdad*, retrato dunha familia que vive o seu día a día na cidade de Bagdad e que viu alterada a normalidade da súa existencia por mor da guerra.

A poesía, a pesar de contar cun número menor de libros editados, ten unha notable representación, con poemarios dirixidos a todos os tramos deste grupo de idade. Para os neolectores, con composicións inspiradas na natureza e nos seres míticos do imaxinario infantil, escribiu a autora Helena Villar Janeiro o seu libro *O souto do anano*. A natureza e o mundo da infancia son tamén os temas poéticos do libro de Marica Campos *Abracadabra*, e os de *Poemas que me cantou o grilo*, escrito por Ana M<sup>a</sup> Fernández.

Outros poetas optan por darlles ás súas composicións un ton desenfadado e trasgresor, buscando o contido humorístico e explotando as posibilidades lúdicas da linguaxe. É o caso de Gloria Sánchez que no seu libro *Adiviñas monstruosas* propón poemas-adiviñanza para retratar os clásicos personaxes das historias de terror, ou recrea o coñecido xogo de ir eliminando mediante unha conta atrás no titulado *Dez piratas*. Un estilo con características similares é o empregado por Antón Cortizas que tamén tira do humor e utiliza xogos de linguaxe no seu poemario *Era unha vez na Quimbamba*. A estes

dous veteranos autores engádesse Daniel Ameixeiro co divertido e desenfadado libro *Piratas, bruxas e outros amigos*.

O xénero teatral tivo unha presenza menos numerosa pero tamén podemos citar algunhas obras de grande interese aparecidas recentemente para estes lectores. É o caso d'*A noite da raíña Berenguela*, peza teatral escrita por Xosé A. Neira Cruz na que se recrea a figura histórica e á vez lendaria da raíña Berenguela e actualízase a vella lenda segundo a cal este mítico personaxe percorre as rúas da cidade de Compostela unha vez ao ano, na máxica noite do 24 de xullo, véspera da festa de Santiago. Outra obra teatral é a escrita por Paula Carballeira e titulada *Boas Noites*, que tamén se apoia na tradición facendo aparecer como personaxe a Pedro Chosco, un dos seres do imaxinario infantil de Galicia, o encargado dos soños dos nenos e nenas, e que ademais aborda con humor e crítica burlona a situación dalgúns nenos actuais que non teñen tempo libre para poder xogar porque os seus benintencionados pais consideran que todo o tempo é pouco para aprender cousas e mellorar a formación.

Falaremos finalmente da banda deseñada porque recentemente apareceron tres álbums deste xénero tan popular destinados a estes nenos, todos eles baixo o mesmo selo editorial e caracterizados pola presenza do humor. Os personaxes destes álbums son ben coñecidos polo público infantil galego porque o seu nacemento tivo lugar na exitosa revista *Golfiño* xa desaparecida. Estes álbums son: *Fiz*, do que é autor Kiko da Silva, *Tito Longueirón*, personaxe creado por Pinto & Chinto (David Pintor e Carlos López) e *Vilaverzas* do que é responsable Miguel Robledo.

Como vemos, é unha ampla e diversa oferta editorial a que se ofre-

# Algunhas preguntas

Xabier P. DoCampo

**R**esulta cando menos repetitivo teimar en certas análises da LIX galega que, por forza, debido á súa urxencia han ser superficiais e moi achegadas ao autobombo. Na altura xa ninguén pode poñer en dúbida a aparente boa saúde dunha LIX na que abundan, case até a desmesura, os premios locais e foráneos, mesmo internacionais, acadados; a nómina de autores e autoras de indiscutíbel sona que hoxe a cultivan; as cifras de vendas e, mesmo de lectores, que avalan o seu éxito comercial; a proliferación de editoriais e coleccións que a acollen con ambición industrial... En fin, que unha vez máis haberá que cadrar en que a LIX galega goza dunha saúde que só envexa pode suscitar nos arredores e en lugares afastados.

Pero evitemos triunfalismos, que as galiñas que primeiro leva o raposo son aquelas que dormen confiadas no coidado do poleiro. Así que fagámonos algunhas preguntas que, máis aló dos datos, nos completen o diagnóstico.

- Haberemos de comezar por ollar dentro do texto á procura do substantivo da súa denominación: a literatura, que é tanto coma reparar con atención demorada na linguaxe, que é a esencia da literatura. En-

contramos na LIX galega actual o peso lingüístico que lle dá alento literario?

- As obras que ofrecemos acreditan verdadeiramente na intelixencia do lector e na súa capacidade de dialogar co texto ou, pola contra, trátase dunha narración de sucesos pouco significativos que sempre se resolven por completo; e de personaxes que pasan a través da trama, sen que esta produza cambios na súa carne de persoa, e que haberán quedar moi explicados e xustificados, uns e outros?
- Son obras que lle falan ao lector ou á lectora de si mesmo ou o que levan é un discurso ocasional e alleo no que non é posíbel identificar a lentura de min mesmo que a lectora haberá de levantar?
- Trátase dunha literatura galega, quero dicir que nos identificamos nela como o que somos, como galegos, porque nela nos vemos e estamos explicados como tales?

Certamente que en moitos casos a nosa LIX dá respostas satisfactorias e convida ao optimismo, pero como non o fai en todos, deberemos permanecer aleutos e seguir a facérmolos preguntas, non nos vaia papar o golpe mentres durmimos.

ce a este grupo de idade, un grupo de excelentes lectores, como pon de manifesto os estudos sobre hábitos culturais da poboación. Para eles todas as editoriais destinan coleccións específicas, e entre estas están as máis veteranas da LIX galega. Cons-

tamos tamén que a estes lectores dirixen as súas creacións autores e autoras consagrados, e xunto a eles saudamos a chegada constante de voces novas que enriquecen e diversifican o panorama.

1982

*Contos para nenos* (Galaxia, 1979) entra a formar parte da Lista de Honra do IBBY

1985

Premio Nacional de Tradución para a versión en galego de *Alicia no País das Marabillas*, tradución ao galego da obra de Lewis Carroll realizada por Teresa Barro e Fernando Pérez Barreiro



# Mil primaveras máis

Panorámica da literatura xuvenil galega

Ánxela Gracián

**1986**


Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil para *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín. Esta obra entra neste mesmo ano na Lista de Honra do IBBY.

**1988**

Premio Nacional de Tradución para *Pinocho*, versión galega realizada por Antón Santamarina do orixinal de Carlo Collodi.



Da esquerda á dereita: Francisco Castro e Xabier P. DoCampo.



# Literatura con maiúsculas

An Alfaya

«Os grandes esquecéronse de cando eles eran pequenos. Se esclucasen os noso nosos ollos desandarían a tempo. Pero adícanse a outros problemas e non fan caso de nós».

X. Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*.

Tres décadas de literatura xuvenil: de *Memorias dun neno labrego* a *Das cousas de Ramón Lamote*.

O verdadeiro “Rexurdimento” da LIX hai que situalo na década dos 80 pois a Guerra Civil tronzou aquel tímido despertar da literatura galega nas primeiras décadas do século XX. Durante a “longa noite de pedra” que foi a Ditadura será *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas a novela máis lida. A obra non estaba dirixida a un público xuvenil pero foi tan ben acollida por este que a acabou facendo súa. Naqueles difíciles anos 60 sentíase a necesidade dunha literatura social que falase da opresión das clases desfavorecidas á vez que se exaltaba o mundo rural no cal se forxaba a verdadeira idiosincrasia do pobo galego.

A década dos 70 estará marcada pola procura dos nosos horizontes de identidade que se fixeron realidade na década seguinte, pois ten lugar a aprobación dunha serie de marcos legais de importancia fundamental para a nacionalida-

de histórica galega: o Estatuto de autonomía, o Decreto de Bilingüismo e a Lei de normalización lingüística así como a creación de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Durante a década dos 80 tivo lugar a progresiva aparición de coleccións con carácter autónomo, froito da consolidación de novas e fortes políticas de edición, con irrupción de editoriais foráneas e afianzamento de editoriais propias; a aparición de traducións ao galego de obras de clásicos universais e doutras literaturas peninsulares; o protagonismo que cobra o adolescente, como personaxe protagonista e destinatario desta literatura porque se fala do seu mundo e dos seus intereses.

Son varios os autores e autoras que comezaron a súa andaina durante estes anos. A pioneira, María Victoria Moreno, autora de novelas tan representativas como *Anagnórise*, obra que supón a inauguración do modo de narrar memorialístico. Os escritores dirixirán a súa mirada cara ao exterior importando tendencias imperantes noutras literaturas xuvenís, aínda que sen perder nunca de vista a nosa lite-

ratura oral. Mostra disto son boa parte da obra de Xabier P. DoCampo, Premio Nacional de Literatura, autor que se caracteriza polo dominio de formas orais ben definidas, ás que se une unha desenvoltura brillante. Ou de Xosé L. Méndez Ferrín, autor da novela inclasificable *Arnoia*, *Arnoia* cuxo argumento se dirixe cara á indagación no noso pasado épico. Darío Xohán Cabana, continuador da tradición artúrica ou Miguel Vázquez Freire, autor comprometido coa escola. Pero a gran novela desta época será *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín, (Premio Nacional de Literatura), obra fundacional que supón a introdución na literatura xuvenil galega na corrente do realismo máxico de herdanza cunqueiría.

A década dos anos 90: a apertura de novos horizontes narrativos.

A produción dos 90 amosa xa ese signo de madurez de toda literatura que se torna menos autoconsciente e que se centra en aspectos especificamente literarios como son a linguaxe, a imaxinación e a creatividade. Se a década dos 80 supuxo a toma de conciencia dunha literatura nacional, os 90 supoñen a inauguración de novos xéneros narrativos -novela negra, novela de misterio, novela de ciencia-ficción, novela épica ou lendaria e un longo etcétera de suxestivos e heteroxé-

Galiza é un paraíso de contrastes literarios. A súa escrita recente de a herba plantada en terra húmida, entre carballos e piñeiros, e tamén ao salitre dos peiraos. Se un pecha os ollos pode acariñar a dramaturxia das súas montañas redondeadas e vellas, ateigadas de sabedoría, de contos, de poemas, de ecos que saen do alén para desvelar os segredos dos mortos o facer vibrar as almas dos vivos.

Galiza goza dunha literatura máxica, porque a súa escrita nace do alento das meigas e dos trasnos. As súas creacións xorden de almas mariñeiras, campesinas e artesás, que fan reviravoltas coa lingua e coa linguaxe. É terra de alquimistas, que abren a porta á imaxinación e rescatan historias procedentes da tradición oral, da fantasía ou do realismo, cultivando xéneros e temas universais, porque conta cun universo propio, respectando os pequenos universos dos seus creadores.

A literatura galega está viva e aspira a estar presente no corazón de todas as rapazas e rapaces que xa son futuro, que se constrúen con ela e desde ela, que gozan con ela, que decubren o mundo amándoa, defendéndoa, sentindo orgullo de ter entidade, corpo, de ser protagonistas dun porvir cheo de palabras. Porén contén melodías que pulan por traspasar as fronteiras naturais e imaxinarias, para ofrecerse, mostrarse, coa ilusión de compartir emocións, encantamentos, beleza e inqueданzas con outras culturas.

Os libros galegos conteñen en palabras e imaxes toda a grandeza das literaturas con maiúsculas. Diante de nós temos uns ollos aleutos, espertando.

Da esquerda á dereita: Ana María Fernández, Antonio García Teijero, Paula Carballeira e Fran Alonso.



Foto: Manuel G. Vicente



neos subxéneros-, así como a incorporación da voz feminina. Os autores máis significativos desta época serán Agustín Fernández Paz, que ten no seu haber unha obra ampla que ensaia xéneros novos nos que

demonstra dominar á perfección os recursos literarios clásicos do ritmo, a verosimilitude, o ton, etc. Con todo, onde mellor se pode apreciar o seu bo oficio é nas novelas de misterio. Xosé A. Neira Cruz, autor dun

bo número de novelas nas cales os personaxes femininos se rebelan contra a educación tradicional da muller, roles herdados dun mundo castrador de liberdades, camiñando en busca da propia identidade, para modificaren os cimentos sociais de como pensar e como reflexionar. Finna Casalderrey, (Premio Nacional de Literatura), escritora que se caracteriza polo achegamento ao mundo do rapaz cunha mirada tinxida de profunda tenrura, movéndose con gran soltura nese espazo do trivial e do cotián, no que tan difícil resulta ser heroe. A madrileña Marilar Aleixandre, que adopta o galego como lingua amosando un ton no que se percibe o desexo de denunciar a desigualdade das mulleres e a dura loita por conquistar un espazo vital propio; nese sentido as súas novelas mostran un profundo compromiso ético e contribúen á creación dun status de igualdade. An Alfaya, que se caracteriza polo uso dunha linguaxe que xoga coa suxestión e a sensorialidade para falar de temas como o amor, a identidade, a perda, a marxinalidade, etc. Xosé Miranda, escritor ligado á tradición popular que mostra gran capacidade de oficio e un dominio perfecto dos recursos novelísticos. Outros autores significativos que foron ofrecendo ao longo destes anos propostas de grande interese son Manuel Lourenzo González, Pepe Carballude, Xosé A. Perozo e xa máis recentemente Carlos Mosteiro, Paula Carballeira, Xesús M. Marcos, Francisco Cas-

tro, etc. Cómpre salientar a incursión de escritores cunha traxectoria consolidada dentro da literatura para adultos na literatura para mozos. É o caso de Suso de Touro, Manuel Rivas, Manuel Darriba, Santiago Jaureguizar, Ramón Caride Ogando, Francisco Fernández Naval ou Fran Alonso, este último autor de *Cidades*, un dos escasos poemarios para rapaces da nosa literatura xuvenil. Xa que logo, a narrativa será o xénero por excelencia, sendo a poesía e o teatro os xéneros menos cultivados. Dentro do xénero poético xuvenil hai que salientar boa parte da obra de Antonio García Teijeiro (Premio Pier Paolo Vergerio) e de Ana María Fernández. O xénero dramático xuvenil será o grande esquecido por ser de escaso cultivo.

### Conclusións

Somos conscientes da brevidade desta ollada a “voa pluma” respecto da nosa literatura xuvenil, onde non damos conta doutros elementos do sistema literario como son a tradución, os premios, as revistas e estudos, a actividade editorial, etc que contribúen sen dúbida a súa consolidación, mais foi a nosa intención ofrecer a información básica e convidarte ao mergullo neste xénero que amosa a estas alturas do século XXI gran calidade e boa saúde, recoñecida nos numerosos premios nacionais e internacións, co desexo de mil primaveras máis.

Foto: Xurxo Lobato



Marilar Aleixandre



An Alfaya

1989

Nace GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, rama galega de OEPLI (Organización Española del Libro Infantil y Juvenil) e do IBBY

1990

A novela *Anagnórise*, de María Victoria Moreno, entra a formar parte da Lista de Honra do IBBY



# A ilustración na literatura infantil galega

Miguel Vázquez Freire

1990

A obra do ilustrador Xan López Domínguez é seleccionada para a exposición da Fiera dei Libri per Ragazzi de Bologna.

1990

Incluídas na lista de White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnich as obras en galego *Lembranza nova de vellos mesteres*, de Paco Martín, e *Ero e o capitán Creonte*, de Helena Villar Janeiro.

Unha das grandes achegas do libro infantil galego é a capacidade de renovación dos ilustradores, unha verdadeira canteira de talentos que na última década atoparon nas novas propostas editoriais de Galicia o escenario adecuado para o seu desenvolvemento.

**C**reo que non é esaxerado afirmar que o ano 1988 marca un punto de inflexión para a edición do libro infantil en Galicia (e, ata, máis aló de Galicia, en toda España), de especial significación no ámbito da ilustración. Ese ano fúndase en Pontevedra a editorial Kalandraka que, coa súa

decidida aposta polo álbum ilustrado de gran formato, abre un espazo ata entón practicamente inexistente para a expresión creativa dos ilustradores galegos. Por outra banda, Kalandraka asume tamén a edición de obras fundamentais (auténticos “clásicos contemporáneos”) de grandes ilustradores,



moitas veces tamén autores dos seus textos, como Maurice Sendak, Tomi Ungerer, Reiner Zimnick ou Janosch, co que contribúe a que a obra dos creadores autóctonos sexa situada -lonxe de calquera tentación de autoafirmación compracente- no contexto das grandes tendencias da ilustración internacional.

Por suposto, con anterioridade xa destacaran importantes nomes no campo da ilustración, pero poucos negarán que é no álbum onde o creador gráfico que intenta a difícil comunicación co lector infantil dispón do medio máis idóneo para desenvolver todo o seu xenio creativo. O éxito de Kalandraka permitiu derrubar as resistencias (de carácter eminentemente comercial) que durante un tempo a

maioría das editoriais españolas (non só galegas, insisto) opuxeron ao desenvolvemento deste xénero esencial na literatura infantil. Hoxe non só xurdiron novas editoriais, como OQO, que practicamente se especializaron neste xénero, senón que a maioría das editoriais promoveron as súas propias coleccións de álbums.

Grazas a iso, tamén case todos os ilustradores galegos tiveron oportunidade de expresarse a través deste medio. É o caso de, por exemplo, Xaquín Marín, auténtico patriarca da ilustración galega, que recentemente n'A *oca de Leonardo* puido demostrar que, sen renunciar ao seu persoal e irrenunciabile grafismo, popularizado a través da súa colaboración diaria como viñetis-

ta de humor nas páxinas de *La Voz de Galicia*, sabe tamén explotar as posibilidades que ofrece o álbum ilustrado de gran formato. Ou de Xosé Cobas que, a través sobre todo das súas colaboracións co escritor Xabier P. Docampo, veu desenvolvendo un exercicio de depuración estilística que, nos seus últimos traballos, roza o ascetismo dunha case abstracción.

Moitos dos ilustradores galegos proceden do mundo da banda deseñada, así quen seguramente constitúen os dous nomes de máis amplo recoñecemento. Falo de Miguelanxo Prado e Xan López Domínguez. O primeiro segue tendo na historia gráfica o seu medio máis propio, cun recente e logradísimo paso ao cine de animación (a excepcional

**Nesta páxina, arriba:** *Os dous corcovados* (Kalandraka, 2000), de Oscar Villán.

**Nesta páxina, abaixo á dereita:** *Contos por palabras* (Xerais, 2001), de Enjamio.

**Na páxina seguinte, arriba:** Portada da banda deseñada *Vilaverzas*, de Miguel Robledo; e *Pucho, o habitador dos tellados*, premio á edición do Ministerio de Cultura en 2007.

**Na páxina seguinte, abaixo:** *Marta ten a solución* (Galaxia, 2008) de Patricia Castelao.





longametraxe *De profundis*), pero as súas contribucións, por fortuna non infrecuentes, no campo da ilustración proban unha conciencia plena da diversidade de recursos que reclama cada medio. Nas súas ilustracións, xeralmente cun carácter realista, apoiadas na precisión do seu debuxo, gaña a profundidade e o tempo demorado, fronte ao dinamismo diexético da historieta gráfica.

Pola súa banda, Xan López Domínguez abandonou por completo o campo da historieta para centrarse en exclusiva na ilustración. A súa *Voces na lagoa da espantallo*, da que tamén é autor do texto, era xa no seu momento un auténtico álbum ilustrado aínda que merecería dispor dun maior formato. Desde eses primeiros traballos, as súas figuras construídas segundo un persoal manierismo caricaturesco definiron con claridade un recoñecible estilo. Pero, sen deixar de ser fiel a el, non deixou de evolucionar, evolución que o levou, desde unha inicial querenza case barroca que tendía a alagar o espazo de figuras e cor, ata un esencialismo que nalgúns dos seus últimos traballos case merecería o cualificativo de minimalista.

Este proceso de “esencialización” dos medios expresivos (que tamén viramos en Cobas) parece ser unha dos acenos dominantes tamén de dúas das figuras máis representati-




vas da xeración máis nova entre os ilustradores. Falo de Óscar Villán e Federico Fernández, os dous galardoados co Premio Nacional de

Ilustración, a pesar da súa mocidade. Pero sería un erro pretender ver niso algo así como unha tendencia estilística característica da ilustración galega porque é preciso recoñecer que o que realmente predomina é a diversidade de opcións e camiños. Así, Kiko dá Silva (que é tamén un dos principais animadores do dinámico mundo da banda deseñada galega), nos varios álbums que publicou prefire a exuberancia das formas e o xogo experimental ca colaxe ou a fotografía a

partir de figuras tridimensionais. O Pablo Otero *Peixe*, que é quizá quen chegou máis lonxe no terreo da experimentación a partir de variantes estilísticas claramente inspiradas nos movementos artísticos das vangardas de comezos do pasado século, como o surrealismo. Con iso, os ilustradores teñen un papel de formadores do gusto estético dos pequenos lectores, na mesma medida que, como sinala Teresa Colomer, os escritores de libros infantís desenvolven un labor de formadores do que ela chama o “lector literario”. O espazo non permite outra cousa que citar moitos outros

nomes que merecerían polo menos a mesma breve análise que dediquei a quen os preceden. Nomes como Fran Jaraba, Pepe Carreiro, Manolo Uhía, Marifé Quesada, Ánxeles Ferrer, Andrés Meixide ou Fino Lorenzo, cunha xa longa traxectoria. Ou os mestres cubanos, residentes desde hai tempo en Galicia, Enjamio e Lázaro Enríquez (este, ai!, recentemente desaparecido). Ou, entre os máis novos, Noemí López, Xosé Tomás ou Patricia Castelao. Unha nómina que dista de ser exhaustiva pero que deixa suficientemente constancia da riqueza e vitalidade indiscutible da ilustración galega.

**Abaixo:** de *Minimaladas* (Xerais, 2007) de David Pintor.



1992

*A canción do rei*, de Helena Villar Janeiro, é seleccionada para a lista de White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic

1993

Premio Edebé de Literatura Xuvenil, un dos mellor dotados de España, para a novela en galego *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz



Así ve a LIX Xosé Cobas



Así ve a LIX Kiko Dasilva



Galiciabooks  
17

1994 Nace a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada (Lugo)

1994 O poemario *Fafaraios*, de Gloria Sánchez, e a tradución ao galego de *A bolsa amarela*, de Lygia Bojunga, realizada por Xosé M. García Álvarez, entran a formar parte da Lista de Honra do IBBY



# Un mundo de palabras

Agustín Fernández Paz

**1994** Premio Edebé de Literatura Infantil para a obra en galego *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez.

**1995** Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil para *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. DoCampo.

De diversidade. De formas plurais de entender o mundo. De palabras, de historias, de respecto polo outro. De todo isto se constrúe o desexo de existir da lingua galega e dos galegos no contexto das culturas do mundo. Coa literatura para os máis novos como canle de sensibilidades.

Cando era pequena, a miña filla tiña no seu dormitorio un globo terráqueo que, ao prender a lámpada que levaba dentro, se iluminaba coma se un sol interior o fixese brillar na escuridade. Aos dous nos gustaba facer viaxes imaxinarias e vivir as máis fascinantes aventuras por aquel inmenso puzzle de países e culturas, onde todas as pezas, as grandes e as pequenas, eran imprescindibles para conformar a beleza do conxunto.

Agora, ao lembrar os nosos xogos de antes de durmir, lembro tamén aquel globo terráqueo e o seu mosaico de cores diferentes, e penso que a súa variedade sería moitísimo maior se, en vez de sinalar só as fronteiras políticas dos Estados, recollese a moito máis rica diversidade cultural que o mundo nos ofrece. Porque a diversidade é a nota que mellor caracteriza todas as manifestacións da humanidade: un mosaico de etnias, de culturas, de relixións, de linguas, de xeitos de entender o mundo. Unha pluralidade que é a nosa riqueza maior e que, xunto coa diversidade biolóxica, é a garante dun mundo máis humano e máis xusto.

Quizais por iso, cando penso na fascinante variedade de linguas, nas diferentes palabras que as persoas empregamos para nomear o mundo, volve a min o abraio que sentía nos anos da infancia, cando lía con paixón calquera libro que caese nas miñas mans, coa certeza de que a través das súas páxinas podía coñecer o mundo enteiro. Porque as palabras son o milagre cotiá que nos fai humanos. Con elas aprendemos os nomes das cousas, expresamos todo o que sentimos, recoñecemos como cidadáns do mundo e dámoslle vida á nosa imaxinación sen límites. As maravillosas palabras: con elas podemos vencer o tempo e mais o espazo, dialogar con persoas doutras épocas ou que viven lonxe de nós. Por iso sabemos que os libros gardan unha maxia poderosa no seu interior, xa que nos permiten coñecer a vida e os sonhos das persoas que se expresan en tantas linguas diferentes.

Galicia, o meu país, sempre quixo formar parte do mosaico da diversidade cultural que caracteriza o mundo de hoxe. A nosa é unha lingua milenaria plena de vitalidade e con vocación universal; a nosa é unha cultura atlántica que non es-

quece as súas raíces e que se abre con esperanza a todas as direccións da rosa dos ventos. En Galicia, neste país dos mil ríos e dos bosques profundos onde habitan os seres máxicos, neste país que contribuíu á unión de Europa a través do Camiño de Santiago e que se fundiu, a través da emigración, cos países latinoamericanos, contamos cunha literatura infantil e xuvenil que día a día consegue o milagre de ser local e ser universal. Unha literatura que é, sen dúbida ningunha, a mellor porta para entrar na cultura de Galicia e achegarse a toda a riqueza que garda.

Houbo un tempo en que puido ter sentido falar de culturas centrais e periféricas. Mais hoxe, coa presenza de Internet e cun mundo cada vez máis global, xa sabemos que non ten por que ser así. Un creador traballa sempre desde o centro do mundo, calquera lugar pode selo se decidimos que así sexa: a cultura nunca é periférica, sempre ten unha vocación universal. Desde Galicia, queremos que as nosas creacións - o mellor que podemos ofrecer, pois son as que reflicten o noso xeito de estar no mundo- cheguen a todas as outras culturas, nun intercambio enriquecedor que pode ser o xermolo desoutro mundo máis solidario e máis xusto que tantas persoas reclamamos, ese

mundo que soñamos para o futuro dos nenos e nenas de todo o planeta, o mundo que tentamos plasmar nos libros infantís e xuvenís que creamos. Porque as utopías hai que soñalas, se queremos que algún día cheguen a facerse realidade.

Algunhas noites de verán gústame tomarme na herba e contemplar o ceo que nos cobre. Sei que as estrelas que vexo escintilar no firmamento son as mesmas que viron nos tempos antigos, as mesmas que tamén fascinarán ás persoas dos novos séculos que nos agardan. Un ceo amigo, que me leva a pensar nesoutro ceo de palabras e de libros que tamén comparte toda a humanidade. E sinto entón que a diversidade é o fío profundo que nos une a todas as persoas que vivimos neste vello planeta. Un planeta que é a nosa gran casa común, acubillada baixo esa colcha inmensa que polas noites se enche de estrelas e nos acolle a todos.



**Abaixo:** *Nos xardíns* (Xunta de Galicia, 1994), de Manuel Ulla.



# Catro clásicos e unha novidade

Montse Pena Presas

**1996**

*Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. DoCampo entra a formar parte da Lista de Honra do IBBY, e un ano despois é incluído entre os White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnich

**1998**

Premio Internacional "Pier Paolo Vergerio" da Universidade de Padova para o poemario *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro, obra que entra a formar parte tamén da Lista de Honra do IBBY.



**Na esquerda:** Portadas de *Das cousas de Ramón Lamote* (SM, 1986) e de *Das novas cousas de Ramón Lamote* (Galaxia, 2008) de Paco Martín, o creador dunha das personaxes máis recoñecidas da nosa LIX.

**Abaixo:** De *Das cousas de Ramón Lamote* (Galaxia, 2008), de Xoán Balboa.

A historia da literatura infantil e xuvenil galega pode concretarse en fitos. Libros, autores e momentos que marcaron a evolución deste sector punteiro na cultura de Galicia. Un sector que nos últimos anos se está a proxectar ao mundo grazas á súa capacidade para entusiar aos lectores novos e non tan novos. Porque a literatura infantil e xuvenil está aberta a todos e todas.

A historia da literatura infantil e xuvenil galega condénsase no último cuarto do S. XX, cando se asiste á diversificación temática, á acumulación de recursos expresivos, ao xurdimento de novas figuras autorais e ao afianzamento de determinados símbolos que a representarán no futuro. As nenas e os nenos galegos que nacimos a comezos dos oitenta fomos testemuñas excepcionais do pulo dunhas letras cultivadas ata entón de xeito esporádico, sen unha nómina de escritores consolidada. A primeira sorpresa á que asistimos como lectores chegou para nós en 1985. Aquel ano, Paco Martín agasallounos cunha figura que aínda nos acompaña hoxe e que consegue inmediatamente que debuxemos un sorriso. Ramón Lamote, profesor de chairego (peculiar variante dialectal do galego algo inventada) e debuxante de soños por encargo, erixiuse no mago que trouxo para nosoutros a pócema do realismo mesturado co marabilloso, ben adubiada cunhas pingas do absurdo e da retransca, elementos que se precisan para deitar unha mirada irónica sobre calquera sociedade, especialmente se é a propia. Este

exercicio de imaxinación, composto dunha aguda fantasía transgresora, ensinounos que calquera día, se temos vontade, poderemos volver asistir a unha carreira de nubes. Porén, *Das cousas de Ramón Lamote*, significou aínda máis:

supuxo unha das primeiras obras especificamente pensadas para a adolescencia e tróuxolle á literatura de noso non só o Premio Barco de Vapor 1984, senón tamén o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1986. Martín seguiría creando, pero os seus lectores esperabamos que Lamote aparecese de novo. Neste 2008 a nosa arela cumpriuse. Igualmente imaxinativa, pero máis crítica cos que detentan o poder e fan da cultura mercado, *Das novas cousas de Ramón Lamote* vén para que as que xa non somos pícaras,

queiramos selo de novo, mais sobre todo Lamote (que se revela como un verdadeiro *alter ego* do seu creador) chega, para que os nenos do S. XXI saiban crer na sinxeleza, na poesía e na ilusión no marco da sociedade informatizada e despersonalizada en que viven.

A memoria lectora deses cativos e cativas dos anos 80 foi enriquecida con outros moitos textos absolutamente referenciais da época, como *O misterio das badaladas* (1986) de Xabier P. Docampo ou *Contos por palabras* (1991) de Agustín Fernán-




1998

O ilustrador Lázaro Enríquez é seleccionado para a exposición da Fiera Internazionale dei Libri per Ragazzi de Bologna.

1998


A novela *¡Prohibido casar, papá!*, de Fina Casallerrey é seleccionada nos White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic.



Agustín Fernández Paz

dez Paz. O primeiro deles, protagonizado por un grupo de rapaces que deben somerxerse nos vieiros do misterio, dábanos ao seu lectorado a oportunidade de colaborar na solución dos enigmas, e fornecíanos por primeira vez da paixón lectora que propician a aventura e a intriga cando son emanadas polas palabras. Tempo despois, a utilización e a transgresión da mellor tradición popular en *Cando petan na porta pola noite*, noonsel doutros escritores galegos como Fole e Cunqueiro, dárialle ao seu autor o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995. Docampo, declarado activista do mundo do libro, séguenos hoxe ensinando que “o acto de amor máis sublime é contar unha historia”. Ou axudar a que se conte, tamén a través doutras tarefas súas que exceden a do creador literario.

Con *Contos por palabras* aprendimos a empregar a imaxinación para soñar novos aconteceres. A combinación de diferentes anuncios por palabras deu lugar a un feixe de historias sorprendentes, desconcertantes e divertidas, que hoxe sabemos que anticipaban a un dos narradores máis lidos da literatura galega, mais que entón asombraron pola súa orixinalidade. Neste tempo, Fernández Paz confirmouse como un autor prolífico e de indubidábel calidade, con capacidade para concentrar os alicerces dos seus textos no peso das historias que conta, dunha intensidade e dunha significación poliédrica. Bo exemplo disto é *Corredores de sombra* (2006), unha novela sobre a importancia de descubrir o pasado familiar, de superar os silencios e de autocoñecerse, entre os reta-



Paco Martín



Fina Casalderrey

llos da Guerra Civil. Narrada con intensidade contida, desbordante de amor aos libros e á lectura, a novela é unha bandeira a prol da tolerancia e da comprensión que

a piques estivo de conseguir para Fernández Paz ese merecido Premio Nacional que polo momento se lle resiste.

1999

Premio Nacional de Ilustración para Óscar Villán polas ilustracións do libro *O coelliño branco* (Kalandraka, 1998).

1999

A Lista de Honra do IBBY selecciona as obras en galego *Anxos en tempos de chuvia*, de Miguel Vázquez Freire, e a tradución, por parte de Alberto Avendaño, de *As aventuras de Arthur Gordom Pym*, de Edgar Allan Poe


Na dereita: De *Piratas, bruxas e outros amigos* (Galaxia, 2007), de Federico Fernández.

Outro personaxe que callou fondo nos cativos e cativas dos oitenta, foi Máquina, o cadeliño ideado por Fina Casalderrey. A autora realizaba con el a primeira mostra significativa de dous dos alicerces da súa escrita: a tenrura e a sensibilidade minuciosa, neste caso para abordar a importancia que os animais domésticos poden ter na vida dun neno. *Dúas bágoas por Máquina* (1992) encheunos de comprensión a todos os que algunha vez gozamos de ver medrar, canda nós, unha mascota. Se Ramón Lamote foi a frescura, a irreverencia nalgúns casos, o poder da fantasía sempre; Máquina era a nostalgia e a emoción sincera, provocada por un suceso cotiá rebordante de sensacións encontradas. A produción de Casalderrey, coa súa sinxeleza ao servizo dos sentimentos, tería a súa meirande recompensa co Premio Nacional de Literatura Infantil por *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), de novo a historia duns cadelos que desaparecen. A extrema delicadeza, acompañada polo humor, volve noutra excelente obra da autora: *A lagoa das nenas mudas* (2007). Amina Nwapa, unha rapaza nixeriana acabada de chegar a Galicia, ben pode representar un novo símbolo de futuro: mostra da interculturalidade que se está a vivir nas aulas, a través dela o lectorado poderá introducirse na decodificación da linguaxe non verbal, na importancia da fisicalidade e dos sentimentos para

alguén que só se pode guiar pola xestualidade. Todo sen caer nun edulcoramento excesivo, amosando que a realidade por veces tamén é crúa.

O que non vivimos os primeiros lectores infantís en galego foi a eclosión do álbum ilustrado. Nós tivemos as máis humildes edicións dos libros daquel tempo, fillas dun sistema para a infancia que comezaba a especializarse cunha escaseza de ilustradores profesionais. Porén, o desenvolvemento paulatino das letras do país (e consecuentemente do seu sistema editorial) traería canda si a eclosión dese formato a cabalo entre a arte e a literatura a finais da década dos noventa. A súa consolidación viría coa concesión por primeira vez do Premio Nacional de Ilustración 1999 a unha obra galega: *O coelliño branco* de Xosé Ballesteros, con ilustracións de Óscar Villán. O galardón volvería a Galicia en anos seguintes, da man do traballo de Federico Fernández (en 2002) ou Antón Santos (en 2004). Nas décadas vindeiras, o álbum ilustrado semella ser o terreiro onde máis innoven as nosas letras infantoxuvenís, como apunta o crecemento constante da súa produción e a especialización que están acadando no formato algúns autores (como Marisa Núñez ou Eva Mejuto).

A literatura infantil e xuvenil galega, máis de vinte anos despois da súa consolidación e pasadas tres



xeracións lectoras, está nun momento especialmente doce: con figuras autorais clásicas que seguen creando sen deixar de renovarse, con símbolos en que recoñecerse para enfrontar o futuro e con xé-

neros en pleno desenvolvemento, ten xa asentado un imaxinario colectivo que lle é absolutamente propio. Agora o grande reto é ser quen de traspasar as propias fronteiras.

1999

Premio Lazarillo para a novela *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre.

2000

Premio Lazarillo para a novela *Chinto e Tom*, de Gloria Sánchez



# Unha literatura internacional

Manuel Rodríguez

**2001** Premio Lazarillo para o poemario *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández

**2001** Premio Nacional de Ilustración para Federico Fernández polas ilustracións do libro *Onde perdeu Lúa a risa?*



Hai pouco máis de vintecinco anos que a literatura infantil e xuvenil galega empezou a normalizar a súa situación. Nese breve tempo, os libros para nenos e mozos escritos en galego conseguiron crear un sistema dentro da cultura galega que o converte en modélico e nunha verdadeira punta de lanza da creación na nosa lingua.

**A**utores, ilustradores, editoriais, estudiosos e institucións sumaron esforzos para conseguir que os libros que tamén poden ler os máis novos ofrezan unha proposta interesante e nutrida para os nosos lectores. Porén, un dos aspectos máis destacados entre todos os acadados ten sido a crecente dimensión internacional dos libros infantís e xuvenís escritos en galego. Isto demostra que se trata de obras que non só interesan dentro das fronteiras de Galicia. O proceso de tradución de obras a outras linguas evidencia as capacidades da lingua e cultura de Galicia para espertar entusiasmos en-



tres lectores doutros lugares do mundo. Calidade e capacidade de sorprender parecen ser as claves que están a permitir esta ruptura de fronteiras e apertura a novos mercados editoriais. Non se trata dunha evolución doada. Os procesos culturais imperantes a nivel internacional e a dificultade de penetrar nalgúns espazos, como anglofono, non só para o galego senón para todas as outras linguas, converten estas iniciativas en verdadeiras loitas de tintáns que soamente se poden vencer con tenacidade e excelencia.

Na esquerda, abaixo: *O gato marelo (Fadamorgana #5, 2000)*, de Xan López Domínguez.



Gloria Sánchez



Miguel Vázquez Freire

### Premios como tarxeta de presentación

Unha das vías que permitiu a presenza internacional do libro infantil e xuvenil galego

está a ser, desde hai anos, a dos premios e galardóns en certames internacionais para obras e autores do noso país. Alén dos importantes premios acadados a nivel español, que posibilitaron a tradu-

**2004** Premio Lazarillo para a obra de teatro *A noite da raíña Berenguela*, de Neira Cruz

**2004** O álbum ilustrado *Avós*, de Chema Heras e Rosa Asuna, editado por Kalandraka, entra a formar parte da lista "Los Mejores" do Banco del Libro de Venezuela



Helena Villar Janeiro.



María Victoria Moreno.

ción de libros galegos ao castelán, catalán e vasco, hai que sinalar os reiterados éxitos dos libros galegos en seleccións tan prestixiosas como a Lista de Honra do IBBY –á cal xa se teñen incorporado obras de Paco Martín, María Victoria Moreno, Xabier P. Docampo, Finna Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Gloria Sánchez, Antonio García Teijeiro e Miguel Vázquez Freire, entre outros- ou os White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic. A Xunta de Galicia está a posibilidade, desde hai dous anos, a presenza dos libros galegos nesta gran biblioteca internacional que, mesmo antes da chegada da axuda institucional galega, xa incluía entre os seus libros anualmente destacados obras de Helena Villar Janeiro, Ánxela Gracián, Marilar Aleixandre, Ana María Fernández, ademais dos autores citados anteriormente.

De forma máis puntual, pero igualmente impactante, ten chegado á literatura infantil e xuvenil galega o recoñecemento desde outras latitudes. Tal é o caso do Premio Internacional Pier Paolo Vergerio, da Universidade de Padova, acadado polo poemario *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro, ou da inclusión na selección “Los Mejores” do Banco del Libro de Venezuela do álbum ilustrado *Avós*, de Chema Heras, e da novela *O armiño dorme*, esta última considerada pola institución venezolana

un dos dez mellores libros xuvenil do mundo en 2006.

Mención á parte merecen os galardóns acadados polos ilustradores galegos na Feira do Libro de Boloña ou na Bienal de Bratislava. Xan López Domínguez, Lázaro Enríquez ou David Pintor saben o que é ter algunha das súas obras seleccionadas para estes prestixiosos certames.

Pola banda da edición, Kalandraka e OQO Editora lograron, na súa curta vida, chamar a atención nas feiras de Leipzig e Boloña, acadando mencións e distincións aos libros mellor editados nas últimas edicións.

### Editoriais que traspasan fronteiras

En relación a Kalandraka e OQO cómpre sinalar, asemade, a decidida aposta por parte de ambas para estar presentes desde o primeiro momento no panorama editorial. Mesmo antes de nacer, en 1999, Kalandraka xa se fixera presente na Feira de Boloña, anunciando o seu nacemento nun díptico distribuído no stand da Xunta de Galicia. Desde ese momento, a editora pontevedresa non faltou á súa cita coa feira italiana, como tampouco deixou de acudir a Frackfurt, Guadalajara, Liber ou Xapón. Nos últimos anos segue o mesmo camiño

**2005** Premio Lazarillo para a novela *A sombra descalza*, de An Alfaya

**2006** A novela *O armiño dorme*, de Neira Cruz, é seleccionada polo Banco del Libro de Venezuela entre as dez melloras obras xuvenís do mundo

**Na dereita:** Algúns libros con premios internacionais: Portadas de *Contos por palabras* (Xerais, 1991), de Agustín Fernández Paz, Premio Lazarillo e Mención de honra do IBBY; *O armiño dorme* (Galaxia, 2002), de Neira Cruz, incluída no White Ravens e mellor libro no 2006 para o Banco del Libro de Venezuela; *Cando petan na porta pola noite* (Xerais, 1994), de Xabier P. DoCampo, premio LIX do Estado español e incluído no White Ravens; e *Na fogueira dos versos* (Xerais, 1996), de A. García Teijeiro, mención de honra do IBBY e Premio Pier Paolo Vergerio.



a recentemente constituída OQO editora, que xa viu recompensado ese esforzo internacionalización da cultura galega con unha mención especial na Feira de Boloña de 2007 para o seu excelente *Gran libro dos retratos de animais*. Do mesmo xeito, outras editorías galegas non esquecen incluír nas súas axendas a cita obrigada cos eventos da edición máis importantes a nivel internacional.

Non se limitan as editorías galegas a visitar os eventos internacionais; consecuencia desa política ten sido o desenvolvemento de liñas de edición multilingüe, en colaboración con outras editoras ou grazas á apertura de filiais en outros países. Tal é o caso de Kalandraka, que publica os seus libros en todas as linguas de España, así como en portugués e en inglés, estes últimos nomeadamente dirixidos ao público estadounidense. OQO editora ten feito o propio, chegando tamén ao espazo italiano, onde, en colaboración cunha editora dese país, ve publicados a maioría dos seus álbums ilustrados. Pola súa parte, Editorial Galaxia sumou esforzos na mesma liña a través da interesante experiencia de Editores Asociados, consorcio editorial constituído por editorías das linguas catalana, asturiana, vasca, aragonesa e galega.

O continente asiático –nomeadamente Xapón, China e Corea- pa-

recen estar a recibir nos últimos anos con verdadeiro entusiasmo as propostas editoriais creadas en Galicia. Xa son varios os autores (Agustín Fernández Paz, Gloria Sánchez, Kiko Dasilva, Neira Cruz, entre outros) que teñen libros seus publicados en linguas de Extremo Oriente.

### Galicia nas institucións internacionais da LIX

Finalmente, hai que sinalar a crecente presenza de Galicia e dos galegos en institucións internacionais relacionadas coa promoción e desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil. Desde 2000 a 2004 o comité executivo de IBBY, o International Board on Books for Young People, contou cun representante galego, Xosé A. Neira Cruz, quen ocupou asemade o posto de presidente do xurado internacional do Premio IBBY Asahi Reading Promotion no período 2002-2004.

O colofón de ouro a este proceso chegará en 2010, cando a capital de Galicia, Santiago de Compostela, se convirte na capital internacional da literatura infantil e xuvenil ao acoller a organización do 32º Congreso Internacional de IBBY. Unha oportunidade excelente para que a literatura infantil e xuvenil galega consolide definitivamente a súa vocación e presenza internacional.



Cartel do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, cunha ilustración de Marta Álvarez.

**2007** Mención de honra da Feira do Libro Infantil de Bologna para OQO Editora por *Gran Libro dos Retratos de Animais* de Svejtlund Junakovic, obra que tamén consegue o Primeiro Premio ao Libro Mellor Editado do Ministerio de Cultura

**2008** A novela *A sombra descalza* de An Alfaya entra a formar parte da Lista de Honra do IBBY

# Federico Fernández

# Libros para quedar pegados á retina

Domingos Ambroi

Forma parte da última xeración de ilustradores que está a chegar ao mundo desde Galicia. En poucos anos, a súa persoal forma de interpretar o mundo encheu varios libros, conseguiu acadar recoñecementos tan prestixiosos como o Premio Nacional de Ilustración do Ministerio de Cultura de España- e, sobre todo, enfeitizou aos lectores. Lectores de todas as idades que ven, a través das ilustracións de Federico Fernández, o mundo pintado da cor dos soños.

## Formas parte da nova ilustración galega. Como ves o nivel da ilustración galega actual?

Penso que podemos considerarnos unha pequena potencia con moito futuro vendo os resultados obtidos, pero os apoios aos ilustradores por parte das editoras e da administración é vital.

## Que pretendes ofrecer a través da túa ilustración?

Unha visión bonita e optimista das cousas. Xa acontecen demasiados feitos terribles no mundo. Alguén ten que dar unha nota de cor e

optimismo; confío en que ás novas xeracións estes libros lles queden tan pegados na retina que algúns deles pensen que o mundo debería parecerse máis aos libros.

## O álbum ilustrado galego experimentou nesta última década un desenvolvemento innegable. Como ves a situación editorial deste sector?

Penso que é vital que editoras e ilustradores traballemos por un mesmo fin común, poder ofrecer un produto exportable de calidade, iso só se consegue arriscando e tendo confianza no noso.

## Que cres que pode aportar ou está aportando a ilustración galega ao mundo?

Tanto como nos aporta a nós a ilustración do mundo que nos chega, so temos que deixar que nos vexan e que o mundo valore.

## Ilustrar un álbum supón un reto especial para o ilustrador. Que significa para ti?

É un traballo de introspección, no que vas sacando dun cofre imaxes que crías esquecidas, como cando vas á aldea de teus pais e todos os olores te van retrotraendo á infancia.

## Que che ofrece a literatura infantil como artista para elixila como soporte das túas propostas artísticas?

Neste soporte caben imaxes que penso sempre viaxaron connigo. Vexo que a ilustración é máis libre, non está encorsetada como lle acontece á pintura.



## A súa obra

### Últimas exposicións colectivas

50 Ilustradores Españoles. Organizado por la "Asociación cultural Teatrío". • Itinerante por varias cidades italianas. Roma, Florencia, Bolzano. 2005-06. • *Miradas en torno al Quijote*. Organizado por el ministerio de cultura. Bologna (Italia). 2005. • *Plantando libros*. Colectiva de ilustradores. Pazo dacultura. Pontevedra. 2006. • *Dialogo dende o invisible*. Colectiva de pintura en el Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela. 2006. • Galería Sargadelos. Colectiva

de ilustradores Ed. Kalandraka. Santiago. 2006. • Recien pintado. Cuatro pintores gallegos en Madrid. Sala del Distrito del Retiro. Madrid. 2006. • Premio Salón de Otoño. Coruña. 2006/07. Bienal de Lalín 2007. • II Certame de arte xoven galega "El corte inglés". 2007. Galería Bacos. Obra sobre papel. 2007.

### Exposicións individuais

*Dualidades*. Galería Hispano 20. Santiago. 1995. • *Monotipos*. Galería Cuarta Pared. Madrid. 1995. • *La edad del armario*. Galería Bacos. Vigo. 1997. •

*Estampados Imposibles*. Galería Visual Labora. Vigo. 2001. • *Máscaras e monstruo*. Galería Lembranza Sargadelos. O Grove. 2002. • *Tecnología arcaica*. Galería Lembranza Sargadelos. 2006. • *Tecnología arcaica*. La Iberoamericana. Madrid. 2007.

### Premios

2º Premio de pintura "Comarcas do Sar". 1999. • VII Certamen Isaac Díaz Pardo. A coruña. 2001. • 3º Premio de pintura. Certame galego da Xunta. 2001. • 1º Premio Nacional de Ilustración otor-

gado por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. 2002. • Premio a la excelencia otorgado por la sociedad para el diseño de noticias (SND) como colaborador de "La Voz de Galicia" (portada del número dedicado a la literatura policiaca). 2004.

### Libros publicados

*¿Onde perdeu Lúa a risa?*. Ed. Kalandraka. 2001. 1º Premio Nacional de Ilustración. • *As aventuras de Pinocchio*. Ed. Xerais. 2002. • *Alicia no país das maravillas*. Ed. Xerais. 2002. • *A pantasma de canter-*

*ville*. Ed. Xerais. 2002. • *Chivos Chivóns*. Ed. Kalandraka. 2003. • *A illa do tesouro*. Ed. Xerais. 2003. • *A chamada da selva*. Ed. Xerais. 2003. • *El mundo de papá*. Ed. Edelvives. 2004. • *Polo mar van as sardiñas*. Ed. Galaxia. 2004. • *Contos de charlatans, grumetes, botas e fendas*. Lagarto pintado. 2005. • *Bonifacio foi a palacio*. Ed. Edelvives. 2005. • *Chivos chivones*. Ed. Kalandraka-Bata. Versión para niños autistas. 2005. • *Camiño solitario*. Ed. Galaxia. 2006. • *Piratas, bruxas e outros amigos*. Ed. Galaxia. 2007.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural